

O Cabo de Palos.

O faro do cabo de Palos comezou a escintilar en 1865. Dous fulgores cada dez segundos lanzados desde os seus case cen metros de altura advirten da presenza de bancos de area e baixos rocosos, que teñen feito encallar ou naufragar centos de poderosos barcos mandados por capitáns expertos.

O cabo xa acolleu unha torre que vixiaba a chegada de piratas berberiscos. E antes un templo a Baal. E sempre un pobo desde o cal a xente sae ao mar na procura de alimento.

A auténtica riqueza actual é a declaración da Reserva Mariña de Cabo de Palos e Illas Hormigas, que desde 1995 protexe un área de 19 kilómetros, tanto para salvagardar os ecosistemas mariños como para asegurar unha reserva de animais reproductivos de especies comerciais.

Os espetóns tamén saen beneficiados da protección da zona, xa que lles resulta máis doado atopar presas.

A biodiversidade maniféstase en formas biolóxicas ben distintas, como as algas pardas que estenden as súas láminas axitadas polas correntes.

A fanerógama posidonia é un indicador da saúde do ecosistema. Aquí, abundan as matas densas, formadas por follas cubertas de epífitos.

Os urticantes tentáculos dos ceriantos escorrentan depredadores, e cazan presas.

O bento é xeneroso. Grandes bivalvos conviven con delicadas ascidias e tímidos poliquetos, todos pezas dunha fráxil arquitectura trófica.

Todos conviven cos restos de ferros dun pecio que xa forma parte do ecosistema; un biotopo moi solicitado.

Ferros que un día deron forma a un navío, ata que unha treboada ou os traidores baixos do cabo de Palos quebraron o seu casco e puxeron punto final á súa viaxe.

As augas desta zona do Mediterráneo teñen sido porto de destino de máis dun capitán distraído.

Pero o que podería ser un material estraño, no mar convírtese cedo en refuxio de peixes e soporte de organismos sésiles.

Arredor do pecio, a vida organízase e repártense o espacio e os recursos. E os organismos que non poden cravar nel as súas fixacións, conviven ancorados nos fondos próximos, como algas, corais e gorgonias.

Cando cae a noite, o faro volta a vixiar o mar e a coidar dos mariñeiros. A lúa axuda de cando en vez. Entón hai outra actividade no fondo. As moreas adoitan cazar de noite e defenden a súa cova custe o que custe. Cando se atopan cun conxénera no seu territorio, non dubidan en dirixir as súas ameazas cara ao invasor.

Pero á vista dun alimento apetitoso, as dentadas mudan de orientación. Aínda que non todo é comestible; poucas cousas disuaden tanto, ata ao depredador máis feroz, como os filamentos urticantes dun cnidario. Cada quen deféndese como pode.